

## [ XORNADA ]

# AS COOPERATIVAS, EMPRESAS SOSTIBLES

Venres 15 de novembro 2024 | A Coruña

[ Convoca: Unión de Cooperativas EspazoCoop, en colaboración co Concello da Coruña ]

### Data e horario

- Venres 15 de novembro de 2024  
- De 9.30 a 14.00 h.

### Onde: A Coruña

Centro Ágora (Aula 9)  
Avda. Gramela 17. A Coruña

### Organiza e coordina

Unión de Cooperativas EspazoCoop  
881 887 456 - [www.espazo.coop](http://www.espazo.coop)

## [ PRESENTACIÓN ]

EspazoCoop e o Concello da Coruña levan anos traballando de maneira conxunta na cidade a través de diferentes proxectos para poñer en valor o cooperativismo. Como continuación desta colaboración celébrase o 15 de novembro a xornada **AS COOPERATIVAS, EMPRESAS SOSTIBLES**, no marco do convenio de colaboración 2024.

A xornada permitirá mostrar a acción realizada a favor do cooperativismo no concello durante este ano, achegando resultados, pero amais, a mesma ten como temática central a **achega das cooperativas á sostibilidade, a integración nelas dos principios de sostibilidade, tanto a nivel de gobernanza como de autoxestión de actividades**, que contribúen a mellorar o ecosistema do concello.

Con que **obxectivos**:

- Visibilizar as potencialidades que ofrece o cooperativismo para a dinamización empresarial e a creación de emprego no concello da Coruña.
- Identificar achegas que o cooperativismo fai en termos de sostibilidade socioeconómica do concello, e da mellora da calidade de vida da cidadanía.
- Coñecer propostas e boas prácticas que poñan en valor a capacidade de autoxestión de necesidades ou demandas de actuacións para a cidadanía, cara unha diversificación de opcións e respostas.

## [ AXENDA ]

### AS COOPERATIVAS, EMPRESAS SOSTIBLES

**09.30 h. Recepción de asistentes**

**10.00 h. Benvida e relatorio marco da xornada "O papel das cooperativas na sostibilidade"**

Claudia Rodríguez Rodríguez, de Alén S. Coop. Galega

**10.30 h. Mesa: Coidando do proxecto e das persoas**

Aventeira S. Coop. Galega e Ás do Social S. Coop. Galega

**11.30 h. Pausa - Café**

**12.00 h. Mesa: Cooperativas e comunidade: xuntas para un crecemento sostible**

Labrecos S. Coop. Galega e Medatlantia S. Coop. Galega

**13.00 h. Cooperativas que marcan a diferenza**

Conversa con María Roade, de Nakeep S. Coop. Galega

**13.30 h. Peche institucional**

> Diana M<sup>a</sup> Sobral Cabanas. Concelleira de Emprego, Comercio e Mercados. Concello de A Coruña

> Claudia Rodríguez Rodríguez. Membro do Consello Reitor de EspazoCoop e da Confederación estatal Coceta

# AS COOPERATIVAS, EMPRESAS SOSTIBLES

15 NOVEMBRO 2024  
CENTRO ÁGORA | ÁS 9.30 | A CORUÑA



WWW.ESPAZO.COOP

## Información e inscrición

**Inscrición:** a través do seguinte formulario [neste enlace](#)

**Información:** Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop  
881 887 456 – patane@espazo.coop